



ANUNCIO do 21 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común (MVMC) Férveda, na parroquia de San Estevo de Folgosa, concello do Corgo (Lugo). Expediente 2DES_2020

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do MVMC Férveda con propiedades particulares, presentada o 14.7.2020 pola comunidade de Piñeiro, Coto, Rego da Silva, Reboredo e Vilacorbe.

Con data 14.8.2020 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta.

Lugo, 21 de agosto de 2020

A xefa territorial
P.S.R
O xefe do Servizo de Explotacións
Pablo Iglesias López

